

---

# Medievalismo en Extremadura

Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas  
de la Edad Media

---

Jesús Cañas Murillo  
Fco. Javier Grande Quejigo  
José Roso Díaz (Eds.)

Medievalismo en Extremadura  
Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas  
de la Edad Media



Cáceres  
2009

MEDIEVALISMO en Extremadura : Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas de la Edad Media / Jesús Cañas Murillo, Fco. Javier Grande Quejigo, José Roso Díaz (Eds.). — Cáceres : Universidad de Extremadura, Servicio de Publicaciones, 2009

XXII, 1310 pp. ; 17 × 24 cm.

ISBN 978-84-7723-879-9

1. Literatura medieval-historia y crítica. I. Cañas Murillo, Jesús (Ed.). II. Grande Quejigo, Javier (Ed.). III. Roso Díaz, José (Ed.). IV. Título. V. Universidad de Extremadura, Servicio de Publicaciones, ed.

82.09"04/15"

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra sólo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra.



© Jesús Cañas Murillo, Fco. Javier Grande Quejigo y José Roso Díaz, de la edición, 2009

© De los autores, 2009

© Universidad de Extremadura-Grupo "Barrantes Moñino", para esta 1.ª edición, 2009

Ilustraciones de cubierta: miniaturas de cancioneros del siglo XIII (Biblioteca Vaticana y Biblioteca Nacional de Francia) recogidas en el libro de Martín de Riquer, *Vidas y retratos de trovadores. Textos y miniaturas del siglo XIII*. Barcelona, Círculo de Lectores-Galaxia Gutenberg, 1995.

Edita:

Universidad de Extremadura. Servicio de Publicaciones

Plaza de Caldereros, 2. 10071 Cáceres (España)

Tel. (927) 257 041; Fax (927) 257 046

E-mail: [publicac@unex.es](mailto:publicac@unex.es)

<http://www.unex.es/publicaciones>

I.S.B.N.: 978-84-7723-879-9

Depósito Legal: M-52.674-2009

Impreso en España - *Printed in Spain*

*Impresión:* Dosgraphic, s. l.

# SOBRE A FORMA VERBAL *ÉSTE* NA POESÍA TROBADORESCA GALEGO-PORTUGUESA\*

Manuel Ferreiro  
*Universidade da Coruña*

Desde as primeiras edicións do corpus trobadoresco, aparecen comentarios sobre a forma de terceira persoa do verbo *seer*, con convivencia de dous resultados a partir do latín *est*. O primeiro, e maioritario, é produto dunha evolución analóxica a partir dunha hipotética forma inicial *\*es*, desaparecida pola inevitábel confluencia coa segunda persoa (<es) a través da nivelación, con perda de -s (despois de desaparecer o -t final latino), con todas as terceiras persoas, sempre acabadas en vogal. Alternativamente, aparece unha forma *éste* que presenta unha vogal final de apoio sobre a base latina. E así é descrito xa desde D. Carolina Michaëlis de Vasconcelos, que, cando explica no glosario do Cancioneiro da Ajuda a forma *éste*, afirma que «é a forma latina, a que os trovadores acrecentaram -e paragógico, visto que -t não podia ser final de sílaba ou palabra em vocábulos aporuguesados. Claro que conta por duas sílabas» (Michaëlis, 1990, s.v. *éste*)<sup>1</sup>. Mais, por outra parte, na glosa da forma *est*, a ilustre estudosa indica tamén que «essa forma *latina* da 3 p. do pres. ind. do verbo *esse* foi empregada pelos trovadores tanto antes de vogal como antes de consoante e em fim de orações» (Michaëlis, 1990, s.v. *est*). Como se pode observar, Michaëlis considera a posibilidade dunha forma directamente latina ou latinizante *est* perante consoante ou en final de oración<sup>2</sup>, que unha revisión exhaustiva do corpus da lírica profana desmente, porque da análise de todos os contextos en que tal forma sería posíbel só se pode deducir que a única forma verdadeira e real alternativa á xeral *é* é a variante *éste*, moitas veces con perda da vogal final por crase co vocábulo seguinte<sup>3</sup>.

A pesar do recoñecemento teórico da existencia desta forma verbal *éste*, a práctica da maioría dos editores foi a de evitar tal forma, sempre sentida como excepcional, a pesar da súa documentación firme na prosa crónística (Lorenzo, 1974, s.v. *seer*), na prosa notarial (Maia, 1986: 814-817) e, sobre todo, nas *Cantigas de Santa Maria*,

<sup>1</sup> Na realidade, neste glosario só se recollen dous casos de *éste*, un deles a partir da corrección feita por Nobiling (1097: 355) nas súas observacións á edición do Cancioneiro da Ajuda (*vid.* nota 3).

<sup>2</sup> Talvez por iso é contradictoria no uso do apóstrofo (*est'*), só presente en dous dos dez casos citados no seu glosario.

<sup>3</sup> Para unha crítica da política editorial de Michaëlis arredor desta forma (con solucións contradictorias tanto gráfica como interpretativamente), *vid.* Nobiling (1907: 355), que corrixe a edición de *éste* nas cantigas 71, 89, 130, 182, 184, 197, 207 e 223. Para as referencias ás cantigas, utilizamos o sistema de D'Heur, coas correccións incorporadas por J. M. Montero Santalla (2000: 55-101). Na transcripción dos manuscritos (A, B, V) desenvolvemos em itálica as abreviaturas que poden provocar dificultades tipográficas. A barra vertical indica o principio ou final da secuencia manuscrita.

que reflicten un uso absolutamente paralelo ao da poesía profana, cunha distribución complementaria da forma *éste* (moitas veces tamén en crase coa vogal seguinte) e da forma analóxica e maioritaria *é*. Consecuentemente, Walter Mettmann (1986-89, s.v. *seer*) introduce un necesario til diacrítico, ao contrario de moitos dos editores do corpus profano, nomeadamente algúns de orixe italiana, que non marcan graficamente tal crase por consideraren que estamos perante un «latinismo relativamente frecuente nei canzonieri» (Spampinato, 1987: 91).

Neste relatorio pretendemos, pois, revisar exhaustivamente a utilización da forma *éste* (e *ést'*), que coidamos, como xa dixemos, única alternativa á xeral *é*, a partir dos contextos dos manuscritos en que tal forma sería posíbel. Para a forma contraída, partimos do estudo das secuencias <est + vogal>, onde sobrancean os problemas interpretativos da secuencia <esta>, que pode ser lida como simple demostrativo, como P3 do presente de indicativo de *estar*, ou, finalmente, como o encontro da forma verbal *éste* co art. *a* e mais coa prep. *a*<sup>4</sup>.

No corpus profano, a forma verbal *éste* aparece en múltiples contextos precedendo un vocábulo iniciado con vogal, o que provoca, en xeral, a crase coa vogal final da forma verbal. O cómputo de todos os casos da poesía trobadoresca profana revela que se rexistra perante todas as vogais, sendo especialmente frecuente perante o adverbio *assí*, que parece suxerir certa resistencia ao encontro de *é* con con este adverbio, como mostra que no corpus se documenten escasísimas ocorrencias deses contextos.

Do punto de vista cuantitativo, a crase da forma *éste* aparece frecuentemente perante as formas *o*, *a* do artigo: 86 [A20, B113], v. 2; 94 [A28, B121], v. 13; 106 [B133], v. 24; 128 [A41, B153], v. 5; 181 [A91, B195], v. 26; 186 [B200], v. 5; 187 [B201], v. 3; 196 [A103, B211], v. 2; 197 [A104, B212], v. 21; 199 [A106, B214-215], vv. 2, 13; 213 [B229], v. 2; 248 [A142, B263], r3; 339 [B377], v. 20; 358 [A221, B389], v. 13; 360 [B391, V1], v. 4; 496 [B498, V81], v. 16; 562 [B545, V148], v. 17; 583 [B566, V169], vv. 2, 5, 7, 10; 663 [B648, V249], v. 2; 692 [A184, B677, V279], r2; 742 [B727, V328], v. 17; 759 [B743, V345], r1; 871 [B880, V463], v. 13; 973 [B971, V558], v. 16; 1074 [B1072, V663], v. 6; 1088 [B1085, V677], v. 3; 1091 [B1089, V680], v. 18; 1113 [B1111bis, V702], v. 14; 1117 [B1115, V706], v. 9; 1235 [A282, B1219, V824], vv. 1, 7; 1289 [B1272, V878], r2; 1580 [B1561], v. 4; 1672 [B1660, V1194], v. 16; 1682 [V1204], r. Do mesmo xeito, documéntase unha forma *éste* contraída coa forma *el* do artigo: 1348 [B1330bis, V937], v. 2.

Así mesmo, aparece perante o substantivo *ome* en dúas cantigas: 96 [A30, B123], v. 20; 346 [A210], v. 15. E do mesmo xeito aparece perante varios participios: *amada* (274 [A166, B318], v. 6), *aguisado* (1502 [B1482, V1093], v. 4; 1471 [B1452, V1062], v. 4<sup>5</sup>, *acustumado* (1503 [B1483, V1094], v. 1), *aventurado* (1555 [B1536], v. 24; 1606 [B1596], v. 1), *omiziada* (1588 [B1578], v. 1) e *apartado* (1643 [B1631, V1165], v. 8).

Por outra parte, *éste* aparece perante diversas formas do demostrativo: 119 [A33, B148], v. 19; 482 [B484, V67], v. 27; 526 [B528, V111, T5], v. 2; 823 [B825, V411], r1; 1468 [B1449, V1059], v. 9; 1671 [B1659, V1193], v. 13.

<sup>4</sup> Unha secuencia como *está'*, crase de *está* co art. *a* é certamente rara, aínda que se pode documentar en Joan Airas (945 [B942, V530], v. 9) segundo foi establecido na súa edición crítica (Rodríguez, 1980: 57, 59).

<sup>5</sup> Arrastrado pola lección manuscrita <esta *guisado*> de B, Lapa transcribe *está guisado*, en lugar de *ést' aguisado*, como na documentación da cantiga anterior.

E tamén se rexistra unha crase co pronome persoal *el* (1389 [B1371, V979], v. 12), do mesmo modo que con outras formas pronominais: *al* (821 [B824, V409], v. 17), *atal* (97 [B124], v. 21; 222 [A122, B238], v. 8) e *üa* (1597 [B1587, V1119], v. 7).

Mais é, sen dúbida, especialmente frecuente esta crase co adverbio *assi*, rexistrándose no corpus profano numerosos encontros que adquiren valor formulístico: 78 [B105], v. 6; 132 [A45, B157], v. 15; 195 [A102, B209-210], v. 29; 291 [B331 e 335], v. 16; 318 [A207, B358], v. 9; 326 [B366], v. 10; 328 [B367], v. 17; 329 [B368], v. 9; 338 [B376], v. 15; 400 [A240, B428, V40], v. 9; 405 [A244, B432, V44], v. 15; 419 [A260, B437, V49], v. 3; 435 [A270], v. 8; 509 [B511, V94], v. 13; 552 [B535, V138], v. 16; 557 [B540, V143], v. 5; 604 [B587, V190], vv. 4, 10, 16; 636 [B621, V222], v. 9; 771 [B754, V357], v. 4; 806 [B810, V394], v. 10; 944 [B941, V529], r1; 975 [B973, V560], v. 17; 1029 [B1025, V615], r2; 1054 [B1052, V642], v. 1; 1154 [B1150, V743], r1; 1530 [B1511], v. 14; 1588 [B1578], v. 17; 1591 [B1581, V1113], v. 5. Para alén do adverbio *assi*, *éste* aparece en crase con outras formas adverbiais como *aquí* (789 [B792, V376], r1; 798 [B802, V386], v. 11; 1385 [B1367, V975], v. 1), *oje* (107 [B134], v. 26; 1100 [B1098, V689], v. 27), *ar* (1069 [B1067, V658], v. 9), *ora* (957 [B954, V542], v. 1), *u* (712 [B697, V298], r) e *i* (1652 [B1640, V1174], v. 20).

A crase de *éste* tamén aparece coas preposicións *a* (172 [A82, B186a], v. 22; 509 [B511, V94], r2, v. 13) e *antre* (97 [B124], v. 25). Así mesmo, son frecuentes os contextos de crase de *éste* coa conxunción *e* (*vid. infra*) así como coa conxunción *ou* (179 [A89, B193], v. 27<sup>6</sup>; 680 [B665, V267], v. 13). Finalmente, *éste* tamén aparece en crase coa interxección *ai!* (1162 [B1149a, V752], v. 3).

Mais é na secuencia <este> onde aparecen os maiores problemas para a correcta interpretación dos manuscritos, porque, na realidade, subxacen varias lecturas posíbeis:

- este* (demostrativo) e, tamén, como *est'e* (demostrativo + conx. *e*)<sup>7</sup>;
- esté* (P1 ou P3 do presente de subxuntivo de *seer*)<sup>8</sup>;
- éste* (P3 do presente de indicativo de *seer*), *est'é* (demostrativo + *é*) e *est'e* (forma verbal *éste* + conx. *e*).

Normalmente, a interpretación de <este> como forma verbal *éste* en crase coa conxunción *e* non presenta graves problemas de aceptación: 218 [A118, B234], v. 4 (mia senhor *est'*, e senhor das que vi)<sup>9</sup>; 333 [B371], v. 13; 367 [B399, V9], v. 16; 812 [A248

<sup>6</sup> A lección de B (<Iohana est e Sancha e Maria>) implica crase con conxunción *e*.

<sup>7</sup> *Vid.* cantigas 62 [B89], v. 7; 80 [A14, B107], v. 25; 222 [A122, B238], v. 9; 246 [A140, B261], v. 15; 255 [A147, B270], v. 10; 265 [A157], v. 21; 266 [A158], v. 10; 282 [A175, B326], v. 4; 286 [A179, B330], v. 9; 320 [A209, B360], v. 15; 393 [A228, B418 e 426, V29 e 38], v. 22; 460 [B465], v. 19; 697 [B682, V284], v. 14; 896 [A304], v. 9; 1116 [B1114, V705], v. 4; 1534 [B1515], vv. 11, 14.

<sup>8</sup> Esta forma verbal semella escasa no corpus: 497 [B499, V82], v. 14; 1359 [B1342, V949], vv. 5, 15; 1588 [B1578], v. 21.

<sup>9</sup> Así é editado este verso en Michaëlis e Spampinato, mais a estrofa permite unha lectura diferente, coa presenza da forma plena de *éste*:

A melhor dona que eu nunca vi,  
per boa fe, nen que oi dizer,  
é a que Deus fez melhor parecer:  
mia senhor *éste* senhor das que vi,  
de mui bon preço e de mui bon sén.

e 253, B816, V400], v. 23 (que o ben *ést'*, e faz gran traicion)<sup>10</sup>; 956 [B953, V541], v. 9; 1247 [B1231, V836], v. 16; 1679 [V1201], v. 9.

Nos restantes casos que din respecto a este levantamento (*éste*, *est'é*) a situación é máis complexa por canto se percibe na maioría dos editores certa resistencia á consideración da presenza desta forma verbal *éste*, que é sentida como anómala, favorecendo unha interpretación da secuencia *este* como a crase da forma demostrativa de primeira persoa coa forma verbal *é* (*est' é*). Do levantamento, que pretendemos exhaustivo, de todas as secuencias posíbeis, tíranse os seguintes resultados:

1. Existe un grupo de cantigas en que consideramos indubitable a presenza de *éste*, en principio sempre perante consoante, segundo a lección practicamente unánime dos manuscritos, aínda que existan solucións contraditorias e, por veces, incomprensíbeis en diversos editores<sup>11</sup>:

- 64 [A1, B91], VaFdZSend, v. 15 <este> A, <esta> B<sup>12</sup>  
Ca non *éste* cuita d' amor  
üa que ome filhar ven.
- 197 [A104, B212], PGarBu, v. 18 <este> A, <est> B<sup>13</sup>  
tolhe-mi o corpo que ja nunca dia  
*éste*, nen noite, que aja sabor  
de min, nen d' al! ...
- 536 [B519b, V122], Den, v. 7: <este> BV<sup>14</sup>  
tenho que mi fariades gran ben  
de mi dizerdes quanto mal mi ven  
por vós, se vos *éste* loor ou prez.
- 1230 [B1214, V819], PAmigo, v. 13: <este> BV<sup>15</sup>  
O cantar *éste* mui dito,  
pero que o eu non sei.
- 1421 [V1011], JPrzAv/SrzCo, v. 14: <|este> V  
e que x' é vosso Toled' e Orgaz,  
e todo quanto se no mundo faz  
ca por vós x' *éste*, -dized[e-o] assi.

<sup>10</sup> De novo é posíbel outra lectura que mantecía a integridade de *éste*:

E de qual eu, senhor, ouço contar  
que o ben *éste*: faz gran traicion  
o que ben á, se o seu coraçon  
en al pon nunca senon en guardar  
semp'r aquel ben ...

<sup>11</sup> Consideramos unicamente as edicións da vulgata e mais as edicións críticas máis recentes, todas elas incorporadas á compilación de Brea (1996), o cal simplifica as referencias bibliográficas.

<sup>12</sup> A lección de B é diverxente, implicando unha crase *ést' a* («E quant' *ést'* a coita d' amor ...»).

<sup>13</sup> A versión inicial de Michaëlis (*esté*) xa foi rectificada pola propia autora no glosario, após a crítica de Nobiling (1907: 355).

<sup>14</sup> A edición de Lang, que establecía *est'é*, xa foi corrixida en Nunes a prol de *éste*.

<sup>15</sup> A lección *éste* é recollida na edición crítica do trovador (de Giovanna Marroni), fronte a unha primeira versión *est'é* de Nunes que corrixiu posteriormente nas notas ás Cantigas de Amigo.

- 1569 [B1550], JvqzTal, v. 13: <|este> B<sup>16</sup>  
 ... por que non entendedes  
 que o seu preço e o seu valor  
 todo noss' *éste* pois emperador for?
- 1640 [B1628, V1162], PPon, v. 12 <este> BV<sup>17</sup>  
 Eno abril, quando gran vento faz,  
 o abrigo *éste* vosso solaz.
- 1658 [B1646, V1180], PPon, v. 6: <este> BV<sup>18</sup>  
 –Seja-o Pedro Bodinho,  
 que *éste* nosso vezinho  
 tan ben come Pedr' Agudo.

2. Noutro grupo de cantigas, os manuscritos, nomeadamente procedentes de B, presentan unha forma <est> que xulgamos grafía de inspiración latinizante, pois a presenza da vogal final é necesaria para a correcta contaxe métrica do verso:

- 182 [A92, B196], PGarBu, v. 27 <|est> AB<sup>19</sup>  
 nen saberei que x' *ést[e]* mal,  
 nen mia morte non temerei.
- 184 [A94 (vv. 1-2), B198], PGarBu, v. 15 <est> B  
 E pois que assi *ést[e]* ja, / ... / ... /  
 verdade vus quero dizer.
- 204 [B220], PGarBu, v. 18: <est> B<sup>20</sup>  
 E des que a vi o primeiro dia,  
 non me guardei, nen fui ende sabedor,  
 nen me quis Deus guardar, nen mia folia:  
 non *ést[e]* meu coraçon traedor  
 que mi-a depois conselhou a veer.
- 207 [B223], PGarBu, v. 11 <|est> B  
 non creerei que o Judas vendeu  
 nen que por nós na cruz morte prendeu  
 nen que filh' *ést[e]* de Santa Maria.

<sup>16</sup> O verso é hipermétrico, o que explica a reconversión de *éste* en *est* en Michaelis (1990, II: 420) e Marroni (1968: 290): «Essendo il v. ipermetro, espungo la -e paragogica di *este*, come in Michaëlis. Il Cunha non rileva l' irregolarità di questo verso e stampa *este*». Mais Cunha (1982: 158) suxire a mesma opción para a nivelación métrica do verso, que, en todo o caso, debería contemplar a conversión de *éste* en *é*.

<sup>17</sup> Saverio Panunzio (1992: 135) transcribe incomprensibelmente «o abrigo, est é vosso solaz», coa seguinte nota: «*est é*, con *é* paragóxico. Braga: *est o*; Lapa: *este*, verbo». Pola súa parte, na edición de Juárez (1988: 220-22) o verso aparece como «o abrigo est' e vosso solaz», mais coa tradución española de «el abrigo es vuestro solaz».

<sup>18</sup> De novo aparece en Panunzio (1992: 181) a mesma forma *est é* e mais o mesmo comentario que para o verso anterior. Neste caso, a forma editada por Juárez (1992: 239), novamente *est' é*, é traducida como «es».

<sup>19</sup> En A aparece un *e* marxinal corrixindo o orixinal <est>. En Michaëlis, *x'é 'ste*.

<sup>20</sup> Blasco (1984: 211) interpreta *ést[e]* como forma demostrativa, despois de corrixir a lección <non> en *nen* (cf. as palabras do editor francés: «Il faut restituer ici la forme complète du démonstratif»).

- 714 [B699, V300], JLPzUlh, v. 9: <est> BV<sup>21</sup>  
El de pran que esto cuida, que *ést[e]* migo perdido,  
ca, se non, logo verria, mais por esto m' é sanhudo.
- 854 [B858, V444], MenRoBri, v. 12: <|est> BV  
e, pero que sei que lh' *ést[e]* mui greu,  
quer lhi pes, quer lhi praza, ende ja,  
se morto non, nunca me partirei.
- 1075 [B1074, V664], JServ, v. 4: <est> BV<sup>22</sup>  
Un dia vi mia senhor,  
que mi deu atal amor  
que non direi, per u for,  
quen *ést[e]*, per nulha ren.
- 1456 [B1437, V1047], RoiPaezRib, v. 12: <|est> BV  
non poderá estimar ben  
se x' *ést[e]* carne, se pescaz.
- 1497 [B1477, V1088], AiPrzVuit, v. 22: <|est> BV  
Diz Fernan Diaz: -Ben m' *ést[e]*, por que oferi Monsanto.
- 1625 [B1614, V1147], FerRdzRed, v. 1: <est> BV  
Don Pedro *ést[e]* cunhado d' el-Rei,  
que chegou ora aqui d' Aragon.
- 1652 [B1640, V1174], PPon, v. 2: <est> BV<sup>23</sup>  
D' un tal ricome ouç' eu dizer  
que *ést[e]* mui ricom' assaz.
- 1667 [B1655, V1189], PPon, v. 17: <est> BV<sup>24</sup>  
non *ést[e]* rei nen conde,  
mais é-x' outra podestade.

3. Un terceiro grupo de cantigas presenta, na nosa opinión, a forma *éste*, aínda que tradicionalmente a secuencia vén sendo interpretada dun modo diferente, xa que, na maioría dos casos, se considera unha forzada crase da forma demostrativa *este* ou *esto* coa forma verbal *é*, fundamentalmente desde a edición do Cancioneiro da Ajuda de Michaëlis de Vasconcelos:

<sup>21</sup> A edición de Nunes, en versos curtos, resolve a hipometría do verso doutro modo, obrigándoo a establecer unha forma *est*: *El de pran que esto cuida, / que est [co]migo perdido*. Por outra parte, a solución de Rip Cohen (2003: 184), tamén aceptábel, é interpretar *est[é]*, presente de subxuntivo de *estar* (vid. nota 8).

<sup>22</sup> Modificamos a interpretación tradicional deste verso en Nunes («quen *est'[e]* per nulha ren»), que semella considerar a presenza da conxunción *e*.

<sup>23</sup> De novo, na edición de Juárez, *ést[e]* é traducido ao español como 'fue' (Juárez, 1992: 190).

<sup>24</sup> Seguimos a disposición métrica desta cantiga establecida por Montero Santalla (2000). Na tradicional edición lapiana (Lapa, 1970: 549), o ilustre editor modifica o orixinal <est> en *é* («Trata-se certamente de erro, por *é*; de contrario, lendo *éste*, o verso tería mais uma sílaba»), respectado nas edicións de Panunzio e mais de Juárez, que afirma: «Las formas *est* y *este* concurren con *é* en los Cancioneros, constituyendo una alternativa métrica y fónica» (Juárez, 1992: 297).

- 71 [A8, B98], VaFdzSend, v. 6: <este> A, <est> B<sup>25</sup>  
ca se sabor avedes i,  
gran ben per-*éste* pora mí.
- 89 [A23, B116], JSrzSom, v. 27: <este> A, <est> B  
E se lh' esto disser alguen,  
que *éste* mal, diga-lhe quen  
quis Deus fazer que non cuidasse.
- 223 [A123, B238bis], FerGaEsg, r1: <est e / est é> A, <hee / é> B<sup>26</sup>  
E se assi non *éste*, mia senhor,  
non me dé vosso ben, nen voss' amor!
- 266 [A158], JSrzCoe?, v. 20: <este> A<sup>27</sup>  
Catade, senhor, non vós *éste* mal,  
ca polo meu non vus venh' eu rogar.
- 294 [B334], RoEaRed, v. 2: <este> B  
O que vos diz, senhor, que outra ren desejo  
no mundo mais ca vós *éste* o mui sobejo  
mentira[] quen o diz ...
- 302 [A191, B342], RoiPaezRib, v. 21: <est é> A, <est e> B<sup>28</sup>  
meu mal *éste* quanto ben ei,  
e fora po-lo dizer eu.
- 617 [B600, V203], Den, v. 10: <este> BV<sup>29</sup>  
Pois me de levar vejo  
que *éste* o seu desejo.

Noutros dous contextos, a secuencia foi interpretada como unha crase entre o demostrativo e a conxunción *e*, que xulgamos dificilmente xustificábel dun punto de vista sintáctico e interpretativo:

- 290 [A183], JPrzAv?, v. 22: <est é> A<sup>30</sup>  
E melhor *éste*, mais sera meu ben  
de morrer cedo e non saberen quen  
é por quen moir' e que sempre neguei.

<sup>25</sup> A presenza de *este*, co reforzo *per-* semella indubitábel, fronte a unha interpretación («gran ben per est' é pora mí»).

<sup>26</sup> A interpretación de Michaëlis (xa corrixida por Nobiling) é seguida na edición deste trobador realizada por Spampinato.

<sup>27</sup> Michaëlis modificou a lección de A (<catade sēnor nō uos este mal> A), editando «Catade, senhor, per vós est' é mal...». Mais tamén é certo que <este> podería ser interpretado nesta pasaxe como *esté*, presente de subxuntivo de *estar*.

<sup>28</sup> Modificamos a puntuación e conseguinte interpretación do verso en Michaëlis e Barbieri («meu mal est' é, quanto ben ei, / e fora...»).

<sup>29</sup> Tanto Lang como Nunes consideran a existencia da crase *est' é* neste verso como no refrán.

<sup>30</sup> A única posibilidade de interpretar a existencia da conxunción *e* sería a consideración dunha construción copulativa reforzada *e mais*, extremadamente frecuente en galego moderno mais ausente do poesía dos trobadores.

- 1097 [B1095, V686], PAmigo, v. 13: <est e> BV<sup>31</sup>  
 Mais non o *éste*, pois quis Deus assi,  
 que por seu nunca me quis receber.

Finalmente, a secuencia <este> de BV foi lida como demostrativo (Michaëlis, Panunzio, Juárez) nunha pasaxe en que coidamos que, de novo, debe ser interpretada como forma verbal de *seer*:

- 987 [B985, V572], PPon, v. 5: <Este> B, <este> V<sup>32</sup>  
 O mui bon rei que conquis a fronteira / ... / ... / ... /  
*éste* bon rei de prez, valent' e fis,  
 rei don Fernando, ...

4. Un cuarto grupo de cantigas presentan unha secuencia <este> en que semella razoábel considerar a crase dunha forma demostrativa de primeira persoa (*este, esta, esto*) coa forma verbal *é* (*est' é*):

- 242 [A136, B257], RoiQuei, v. 15: <esté> A, <este> B  
 Ca, de pran, *est' é* oje mais de ben  
 que ei, pero que sōo sabedor  
 que assi morrerei ...
- 276 [A169, B320], JSrzCoe, v. 14: <est é> A  
 E se por *est'é*, mal dia naci!
- 887 [A307, B895, V480], MartMo, v. 26: <est é> A  
 ... mais, *est'é* meu mal,  
*contra mia desaventura*  
*non val amar nen servir.*
- 889 [B897, V482], MartMo, v. 13: <este> BV  
 ..., ca *est'é* o meu ben  
 e aquest'é meu viço e meu sabor!
- 971 [B969, V556], AfEaCot/PPon, v. 22: <este> BV  
 –Afons' Eanes, *est' é* meu mester,  
 e per esto dev' eu guarecer.
- 1062 [B1060, V650], PVeer, v. 17: <este> BV  
 e por *est'é* meu mal viver,  
 ai mia senhor, per bōa fe.
- 1113 [B1111bis, V702], GalFdz, v. 8: <este> BV  
 Teen-m'en tal coita que nunca vi  
 om'en tal coita, pero o preit'*est'é*:  
 que lhis diga por quen trob'e quen é.

<sup>31</sup> A consideración da conx. *e* esixiría forzar a sintaxe para ligar sintacticamente «Mais non o *ést'*» co final da estrofa.

<sup>32</sup> A interpretación de <este> como simple demostrativo nas edicións de Michaëlis, Panunzio e Juárez deixa toda a estrofa sen verbo principal, que necesariamente ten de residir nesa secuencia, que tamén podería ser lida como *est'é*.

- 1114 [B1112, V703], Lopo, v. 7: <este> BV  
 E non ach'eu razon e por *est'é*:  
 porque m'ei de guardar e de temer  
 de mi o saberen, ...
- 1237 [B1221, V826], JBav/PAmigo, v. 32: <este> BV  
 este faz mal, assi Deus me perdon,  
 e *est'é* sandeo e estoutro non.
- 1281 [B1265, V870], v. 13: <este|> BV  
 Ca *est' é* l'ome que mais demandava  
 e non ar quis que comigo falasse.
- 1381 [B1363, V971], MartSrz, v. 19: <este> BV  
 seu cantar non oisse,  
 ca *est' é*, ai meu senhor,  
 o jogar braadador  
 que nunca bon son disse.
- 1387 [B1369, V977], MartSrz, v. 10: <este> BV  
 e diz: *-Est'é* o falso treedor  
 que m'ogano desonrou e feriu.

5. Mais noutro conxunto de cantigas existe a dupla posibilidade de lectura *éste* / *est'é*, ambas as dúas posíbeis sintáctica e semanticamente, aínda que a segunda semella máis probábel:

- 65 [A2, B92], VaFdzSend, v. 4: <este >A, <|est> B<sup>33</sup>  
 Senhor fremosa, grand' enveja ei  
 eu a tod' ome que vejo morrer;  
 e, segund' ora o meu conhocer,  
 en quant' *est' é*, faço mui gran razon.
- 130 [A43, B155], MartSrz, v. 17: <este> AB<sup>34</sup>  
 E saberia d' algun ben mandado  
 de que oj' eu non sōo sabedor,  
 mais sei que *est' é* desej' e cuidado.
- 163 [A74, B187], NuFdzTor, v. 13 <est e> A, <este ei> B<sup>35</sup>  
 Que prol vos á de eu estar  
 sempre por vós en grand' afan?  
 E *est' é* mui grande, de pran.
- 398 [A238], JGarGlh, v. 21: <este> A  
 Mais pois que ja non posso guarecer,

<sup>33</sup> A lección de B suxire unha forma *ést[e]*.

<sup>34</sup> O verso permite outras lecturas alternativas: «mais sei que *éste* desejo e cuidado» (xa proposta por Nobiling en 1907), «mais sei que *este* desej' é cuidado».

<sup>35</sup> A lección de B semella confirmar como correcta a interpretación *est'é*, mais tamén habería a posibilidade de lermos: «É este mui grande, de pran».

- a por que moiro vos quero dizer:  
di alguen: «*Est' é* filha de Maria».
- 503 [B505, V88], Den, v. 11: <este> BV  
... sei per gran ben  
lhi querer mais ca min nen al,  
e, se aquest' é querer mal,  
*est' é* o que a min aven / ...
- 503 [B505, V88], Den, v. 17: <este> BV  
... se per servir  
e pe-la mais ca min amar,  
se *est' é* mal, a meu cuidar,  
este mal non poss' eu partir, / ...
- 568 [B551, V154], Den, r2 <este> BV  
*de mi teer puridade, senhor,*  
*e eu a vós, ca est' é o melhor.*
- 617 [B600, V203], Den, r2: <este> BV  
*pois que a el praz,*  
praz a mí, ben vos digo:  
*est' é o meu solaz.*
- 634 [B619, V220], EstGuar, v. 5: <este> B, <est e|> V<sup>36</sup>  
e, mia senhor, *est' é* gran mal sobejo  
*meu e meu gran quebranto:*  
seer eu de vós, por vos servir quanto  
*posso, mui desamado.*
- 639 [B624, V225], EstGuar, v. 10: <este> B, <est e|> V  
Ben entend' eu que logar deve aver  
o que ben serve de pidir, por én,  
ben con razon, mais *est' é* tan gran ben  
que lhi non pod' outro ben par seer.
- 782 [B785, V369], JGarGuilh, v. 20: <este> BV  
-Vó-lo andades dizendo,  
amiga, *est' é* verdade, / ...
- 924 [B921, V509], PGot, v. 12: <este> BV  
... e, pero *est' é* assi,  
aven-m' ende o que eu non mereci:  
gran desamor que m' ela por én ten.

<sup>36</sup> Pagani (1971: 78) reconece que neste caso «non si può escludere però la lettura *este*», o cal levaría a unha outra puntuación do texto:

e, mia senhor, *éste* gran mal sobejo  
meu e meu gran quebranto  
seer eu de vós, por vos servir quanto  
posso, mui desamado.

- 993 [B990, V578], PPor, v. 24: <Est e> B<sup>37</sup>  
 Rei d' Aragon, rei do bon sén,  
 rei de prez, rei de todo ben  
*ést', e* rei d' Aragon, de pran.
- 1272 [B1256, V861], GalFdZ, v. 20: <este> BV  
 Veja-se vosc' e perderá pavor  
 que á de vós, e *est' é* o melhor.
- 1403 [B1384, V993], PGarBu, v. 18: <este> BV  
 e *est' é* pola casa molhada  
 en que as mete, na estrabaria.
- 1446 [V1037], PedroPort, v. 4: <est e> V  
 porque lhe dizen que é mal feitor  
 na sa terra; *est' é* cousa certa  
 ca diz que se quer ir ...
- 1467 [B1448, V1058], JGai, v. 4: <este> BV<sup>38</sup>  
 Come asno no mercado  
 se vendeu un cavaleiro  
 de Sanhoan' a Janeiro,  
 tres veces *-est' é* provado.
- 1637 [B1625, V1159], PaiGmzCha, v. 21: <este> BV  
 e do que diz que a revolverá,  
 ant' esto faça, se non, matar-s' -á,  
 ca *est' é* o começo do lavor.

A frecuencia da documentación de *éste* desmente, pois, o carácter excepcional atribuído a esta forma na maioría das edicións, mostrando con clareza que é moito máis frecuente do que recollen as notas de edición ou os glosarios, ao tempo que tamén se pode documentar excepcionalmente perante vogal. É máis, a distribución de *é/éste* nas *Cantigas de Santa Maria*, que non son obxecto deste relatorio, confirma exactamente o mesmo comportamento das dúas variantes verbais en causa.

O inventario desta forma podería ser aínda máis amplo se considerarmos lecturas alternativas ás tradicionais que establecen formas demostrativas de primeira persoa que poden encubrir directamente a forma *éste* ou unha crase *ést' + vogal*. Véxase, por exemplo, a real posibilidade de editar «[É] esta coita, que mi a morte ten / tan chegada...» (1056 [B1054, V644], v. 13) como «[E] *ést' a* coita, que mi a morte ten / tan chegada...», con aparición de *ést'* e deslocamento do acento á segunda sílaba, frecuente en toda a cantiga. E o mesmo acontece en contextos tradicionalmente lidos como *m' é esta* que poden ser interpretados como *me ést' a*: 551 [B534, V137], v. 28:

<sup>37</sup> A consideración da forma *éste* esixe unha mudanza de puntuación:

Rei d' Aragon, rei do bon sén,  
 rei de prez, rei de todo ben  
*éste*: rei d' Aragon, de pran.

<sup>38</sup> Contra a práctica xeral, neste caso Lapa interpreta a presenza de *éste*, que é, evidentemente, posíbel.

«ca morte m' é esta vida» *vs.* «ca morte me *ést'* a vida»; 946 [B943, V531], v. 7: «Tan grave m' é esta coita en que me ten» *vs.* «Tan grave me *ést'* a coita en que me ten». Ou, por pór algúns exemplos de teor máis interpretativo, un verso como «ca esta morte non é jograria» (398 [A238], v. 14) sempre podería ser lido como «ca *ést'* a mort' e non é jograria», do mesmo modo que «este pesar é pesar con razon» pode ser transcrito tamén como «*éste* pesar, e pesar con razon» (1533 [B1514], v. 16).

Algo semellante pode acontecer coa forma verbal *está*, tamén susceptíbel nalgúns contextos de ser lida como unha crase de *éste*, como, por exemplo, establece Rip Cohen na cantiga 741 [B726, V327], v. 4, a través dunha adición para resolver a hipometría do verso: «mais en vossa prison / *ést'* [or]a quite por vós d' outra ren».

Finalmente, aínda fican outras formas de *éste* que foron hipotizadas para resolver versos hipométricos: «se non a mi, dizen que *é[ste]* mal / mias amigas e que faço mal sén» (742 [B727, V328], v. 3); «Qual *é[st'* o] voss' amigo que mi vos pedia?» (663 [B648, V249], v. 4), esixido polo paralelismo co v. 2; «ou que *[é]st'* est' ou por que o fazedes» (823 [B825, V411], v. 18), verso paralelo ao primeiro do refrán da cantiga: «que *ést'* aquest' ou por que o fazedes».

Mais tamén é certo a revisión do corpus leva tamén a eliminación de formas de *éste* que son produto de lecturas probabelmente erradas: Rip Cohen, polo paralelismo co primeiro verso da estrofa anterior, edita «Falarei con el, pois *está* [a]ssi» o verso tradicionalmente establecido como «Falarei con el[e], pois *ést'* assi» (1004 [B1000, V589], v. 15). E noutros casos, son simples erros de lectura, como a forma editada por Lang («[est] a molher») seguindo V, cando en B aparece a lección correcta: «... mais non vos direi eu qual / *é* a molher; mais tanto vos direi» (528 [B520a, V113, T7], v. 4).

## BIBLIOGRAFIA

- Barbieri, M.: «Le poesie di Roy Paez de Ribela», *Studi Mediolatini e Volgari*, XXVII, 1980, pp. 7-104.
- Blasco, P.: *Les chanson de Pero Garcia Burgalês, troubadour galicien-portugais du XIII<sup>e</sup> siècle*, Paris, Fundação Calouste Gulbenkian/Centro Cultural Português, 1984.
- Brea, M. (coord.): *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Lisboa, Biblioteca Nacional/Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos/Instituto de Alta Cultura, 1973.
- Cohen, R.: *500 Cantigas d'Amigo*, Lisboa, Campo das Letras, 2003.
- Cunha, C. Ferreira da: *Estudos de Versificação Portuguesa (Séculos XIII a XVI)*, Paris, Fundação Calouste Gulbenkian/Centro Cultural Português, 1982.
- Juárez, A.: *Pero da Ponte*, Granada, TAT, 1992.
- Lapa, M. Rodrigues: *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo, Galaxia, 1970, 2<sup>a</sup> ed. revista e acrescentada.
- Lorenzo, R.: *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. II: Glosario, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1974.

- Maia, C. de Azevedo: *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica, 1986.
- Marroni, G.: «Le poesie di Pedr' Amigo de Sevilha», *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, X, 1968, pp. 189-340.
- Mettmann, W.: *Alfonso X el Sabio. Cantigas de Santa Maria*, Madrid, Castalia, 1986-1989, 3 vols.
- Michaëlis de Vasconcelos, C.: *Cancioneiro da Ajuda*, reimpressão da ed. de Halle (1904), Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990 (1904, 1ª ed.).
- Montero Santalla, J. M.: *As Rimas da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, tese de Doutoramento (inérita), Universidade da Coruña, 2000.
- Nobiling, O.: «Zu Text und Interpretation des "Cancioneiro da Ajuda"», *Romanische Forschungen*, XXIII, 1907, pp. 339-385.
- Nunes, J. J.: *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 1972 (1932, 1ª ed.).
- : *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 1973 (1928, 1ª ed.).
- Pagani, W.: «Il Canzoniere di Estevan da Guarda», *Studi Mediolatini e Volgari*, XIX, 1971, pp. 53-179.
- Panunzio, S.: *Pero da Ponte. Poesías*, Vigo, Galaxia, 1991.
- Rodríguez, J. L.: *El cancionero de Joan Airas de Santiago*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago (Anexo 12 de *Verba*), 1980.
- Spampinato Beretta, M.: *Fernan Garcia Esgaravunha. Canzoniere*, Napoli, Liguori Editore, 1987.